

Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular

Regulamento Xeral



XVI XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO

5 a 10 de xullo de 2026

ÍNDICE

I REGRAS XERAIS

1.	XVI XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO	5
2.	ORGANIZACIÓN	6
3.	MODALIDADES DEPORTIVAS	7
4.	PARTICIPACIÓN	7
5.	COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS	8
6.	INSCRICIÓNS	9
7.	COMITÉS DE COMPETICIÓN	10
8.	XUÍZ/A DE APELACIÓN	12
9.	RECLAMACIÓNS E RECURSOS	12

II COMPETICIÓN

10.	REGULAMENTO DA COMPETICIÓN	13
11.	MODELO DE COMPETICIÓN	13
12.	TEMPOS DE XOGO	14
13.	PUNTUALIDADE	15
14.	VESTIMENTA	15
15.	MATERIAL PARA ENCONTROS / PROBAS	16
16.	ZONA DE BANCOS	16
17.	APRAZAMENTO	17
18.	SUSPENSIÓNS DE ENCONTROS/PROBAS	17
19.	PUNTUACIÓN	18
20.	EMPATES	20
21.	CALENDARIO, ACTAS DOS COMITÉS DE COMPETICIÓN E CLASIFICACIÓNS	21
22.	DEPORTISTAS	22
23.	RESPONSABLES DE DELEGACIÓN E DELEGADOS DE EQUIPO	22

24.	ÁRBITROS/AS	23
25.	REGULAMENTOS TÉCNICOS ESPECÍFICOS	25

III REGULAMENTO DE PREMIOS

26.	MEDALLAS.....	31
27.	TROFEOS	31

IV TROFEO XOGO LIMPO NELSON CARDOSO

28.	TROFEO XOGO LIMPO NELSON CARDOSO	31
29.	REGULAMENTO XOGO LIMPO	31
30.	COMITÉ DO XOGO LIMPO.....	36

V REGULAMENTO DISCIPLINAR

31.	REGRAS XERAIS DE SANCIÓN.....	37
32.	SANCIÓN ÓS/ÁS DEPORTISTAS	37
33.	SANCIÓN A DELEGADOS, ADESTRADORES E AUXILIARES	38
34.	SANCIÓN A EQUIPOS	39
35.	COMISIÓN DISCIPLINAR	40
ANEXOS.....		41

I REGRAS XERAIS

1. XVI XOGOS DO EIXO ATLÁNTICO

- 1.1. A XVI edición dos Xogos do Eixo Atlántico celebrarase no municipio de Santiago de Compostela do 5 ó 10 de xullo de 2026.
- 1.2. Os Xogos do Eixo Atlántico fundaméntanse nos principios de convivencia, deportividade e respecto mutuo entre todos os participantes.
- 1.3. Organización dos XVI Xogos:
 - 1.3.1. A organización dos XVI Xogos do Eixo Atlántico é competencia e responsabilidade do Eixo Atlántico e do municipio Santiago de Compostela, que os acollen.
 - 1.3.2. O seu desenvolvemento e dirección é de responsabilidade da Comisión Organizadora.
 - 1.3.3. Para a necesaria colaboración entre o Eixo Atlántico e o municipio de Santiago de Compostela as citadas institucións establecerán as condicións que consideren convenientes, a efectos de regular os compromisos que asumen as partes para o bo desenvolvemento dos Xogos.
- 1.4. Responsabilidades:
 - 1.4.1. O Eixo Atlántico e a Comisión Organizadora dos Xogos non serán responsables polos danos físicos e/ou morais que poidan producirse durante os Xogos, sen prexuízo dos beneficios derivados das pólizas de seguro subscritas para todos os participantes.
 - 1.4.2. Todos os participantes dos respectivos municipios/entidades están obrigados ó cumprimento das normas de uso e conservación das instalacións deportivas, dos aloxamentos e local de alimentación e son responsables dos danos causados nelas derivados do incumprimento das citadas normas e, subsidiariamente, os respectivos municipios/entidades a que pertencen.
 - 1.4.3. Igualmente, serán responsables dos danos causados na persoa, bens ou propiedades doutros participantes nos Xogos, incluíndo os membros da Organización, causados por agresións ou calquera outro tipo de conduta antideportiva ou violenta.

- 1.4.4. En ámbolos supostos, os responsables asumirán o pagamento da reparación ou reposición dos bens danados, incluíndo os gastos de asistencia médica, de ser necesario, podendo o respectivo equipo ou o municipio/entidade ser expulsado dos Xogos.
- 1.4.5. A inscrición nos XVI Xogos do Eixo Atlántico implica a aceptación expresa, por parte de todos os participantes inscritos, das Normas e Disposicións establecidas no presente Regulamento, así como todas as que a Organización poida aprobar, unha vez que estas sexan comunicadas.

2. ORGANIZACIÓN

- 2.1. A Organización dos Xogos é competencia da Comisión Organizadora dos Xogos do Eixo Atlántico, composta por membros designados polo municipio organizador e polo Eixo Atlántico.
- 2.2. A Comisión Organizadora dos Xogos será responsable do desenvolvemento, dirección e seguimento dos mesmos, levando a cabo, entre outras, as seguintes funcións:
 -  Organización das competicións
 -  Elaboración de calendarios
 -  Tramitación das inscricións
 -  Aplicación dos regulamentos das diversas modalidades deportivas
 -  Información sobre o desenvolvemento dos Xogos
 -  Atención e resolución de reclamacións
 -  Recollida de suxestións
 -  Atención ós participantes
 -  E todas aquelas que se verifiquen necesarias
- 2.3. Durante o desenvolvemento das diversas competicións a Organización dos Xogos, cando existan razóns que o xustifiquen, poderá aprazar, suspender ou alterar datas e horarios de partidos ou efectuar cambios de locais de competición, tras informar ós participantes.

- 2.4.** Para todos os efectos, as comunicacións da Organización datadas terán validez e serán vinculantes unha vez publicadas e expostas no taboleiro de anuncios do secretariado permanente dos Xogos e enviadas a través de medios dixitais.
- 2.5.** A Comisión Organizadora reunirse ó final do día cos/as Responsables de Delegación para dar e recoller información, analizar as incidencias da xornada e preparar a xornada do día seguinte.

3. MODALIDADES DEPORTIVAS

Nos XV Xogos do Eixo Atlántico desenvolveranse competicións nas seguintes modalidades deportivas:

-  Balonmán Feminino e Masculino
-  Atletismo Adaptado Feminino e Masculino
-  Atletismo Feminino e Masculino
-  Baloncesto Feminino e Masculino
-  Natación Adaptada Feminina e Masculina
-  Natación Feminina e Masculina
-  Voleibol Feminino e Masculino

O municipio organizador ten a posibilidade de escoller unha modalidade extra, que debe ser obrigatoriamente individual. Esta debera ser escollida previamente ás inscricións e realizárase sempre e cando alcance a participación mínima de 1/3 do total dos municipios/entidades que integran o Eixo.

4. PARTICIPACIÓN

- 4.1.** Poderán participar nas competicións dos XVI Xogos do Eixo Atlántico os municipios e entidades pertencentes ó Eixo Atlántico, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:
- 4.1.1.** Presentar a documentación esixida, nos prazos e na forma establecida pola Organización.
- 4.1.2.** Ter ó día a cota de socio definida polo Eixo Atlántico.

- 4.2. Cada municipio/entidade poderá inscribir un máximo dun equipo en cada unha das modalidades deportivas e en cada unha das categorías.
- 4.3. Os municipios/entidades participantes deberán estar representados por unha persoa que ostentará a representación máxima da delegación do seu municipio/entidade e que se denominará **Responsable de Delegación**. Este deberá acompañar ós equipos do seu municipio/entidade.
- 4.4. Alén disto, cada equipo deberá ir acompañado por **un/ha delegado/a de equipo, un/ha adestrador/a** e, opcionalmente, un/ha ou dous/dúas auxiliares (2º adestrador/a / Masaxista/ Médico/a/ Fisioterapeuta, etc.).
- 4.5. **Idade do/as deportistas:** o/as deportistas participantes nos XVI Xogos do Eixo Atlántico deberán ter nacido no ano 2012 ou posteriores (2013, 2014, 2015...), á excepción dos/as deportistas participantes en Atletismo adaptado e en Natación adaptada que, preferiblemente, deberán ter nacido no ano 2010 ou anterior a este.
- 4.6. **Requisitos a cumprir polos/as deportistas:** os/as deportistas participantes nos Xogos deberán cumprir un dos seguintes requisitos, debidamente acreditado, en relación ó municipio/entidade á que representan:
 - 4.6.1. Ter nacido nese municipio.
 - 4.6.2. Estar empadroad/a ou residir no municipio.
 - 4.6.3. Estudar nun centro de ensino que estea dentro dos límites do municipio.
 - 4.6.4. Estar integrado/a nalgún equipo do municipio, que participe en competicións escolares ou federadas.
- 4.7. No caso das Deputacións poderán participar con deportistas de municipios pertencentes á súa rexión, dando preferencia ós que proveñan de municipios que non estean xa inscritos directamente por estes.

5. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

- 5.1. O número de deportistas dos equipos deberá axustarse ó disposto na seguinte táboa, que poderá ser modificada en función dun mellor desenvolvemento dos Xogos, trala comunicación a todo/as o/as participantes:

Deporte	Inscritos		En acta	
	Min.	Máx.	Min.	Máx.
Atletismo Fem.	1	12	1	12
Atletismo Mas.	1	12	1	12
Atletismo Adaptado Mas.	1	5	1	5
Atletismo Adaptado Fem.	1	5	1	5
Natación Fem.	1	6	1	6
Natación Mas.	1	6	1	6
Natación adaptada Fem.	1	6	1	6
Natación adaptada Mas.	1	6	1	6
Baloncesto Fem.	7	10	5	10
Baloncesto Mas.	7	10	5	10
Balónmán Fem.	9	14	7	14
Balónmán Mas.	9	14	7	14
Voleibol Fem.	8	12	6	12
Voleibol Mas.	8	12	6	12
Modalidade Extra (Individual) Fem. (opcional)	1	2	1	2
Modalidade Extra (individual) Mas. (opcional)	1	2	1	2

5.2. Cada equipo deberá completarse, co seguinte persoal:

Tódalas modalidades	Adestrador/a	1	
	Delegado/a de equipo	1	
	Auxiliar (2º adestrador/a; masaxista; Médico/a; Fisioterapeuta, etc.)	0	a 2

5.2.1. Nas modalidades individuais o persoal indicado no cadro de encima, poderá ser o mesmo para o masculino e o feminino.

6. INSCRICIÓN

6.1. Non se permitirá a inscrición de ningún/ha participante que non cumpra os requisitos establecidos pola Organización.

6.2. A inscrición nos XVI Xogos do Eixo Atlántico efectuarase de acordo coas seguintes normas:

6.2.1. Deberá facerse unha preinscrición, para facer unha estimación do número de equipos e de participantes.

6.2.2. A posterior inscrición definitiva, así como a inscrición nominal, faranse obrigatoriamente a través de plataforma habilitada polo municipio organizador, nos prazos e condicións comunicados polo Eixo Atlántico.

- 6.2.3. A documentación achegarase dentro dos prazos e na forma establecida de acordo co Cronograma aprobado para tal efecto.
- 6.2.4. A acreditación da idade e outros datos persoais dos/as participantes realizarse na reunión dos/as delegados/as por modalidade, que se realizará previamente ó inicio da competición, coa presentación do DNI de todos/as os/as participantes inscritos/as.
- 6.3. A Organización poderá solicitarlles ós/ás participantes, en todo momento, a presentación de documentos orixinais coa finalidade de comprobar a veracidade dos datos achegados para as inscricións.
- 6.4. A inscrición nos XVI Xogos do Eixo Atlántico garante ós/ás participantes o uso das instalacións para as probas preestabelecidas, información diaria sobre o desenvolvemento das competicións e cobertura dos riscos de accidentes, para o que a Organización contratará a correspondente Póliza de Seguro.

7. COMITÉS DE COMPETICIÓN

- 7.1. Os Comités de Competición son os órganos responsables de colaborar coa Organización no desenvolvemento, promoción e bo funcionamento dos Xogos e, especificamente, son responsables da aplicación do Regulamento e das sancións.
- 7.2. Crearanse tres Comités de Competición: un Comité para as modalidades colectivas (Balonmán, Baloncesto e Voleibol), un Comité para a modalidade de Atletismo e un Comité para a modalidade de Natación. No caso de que exista modalidade extra, existirá un comité para esa modalidade.
- 7.3. O Comité das modalidades colectivas estará formado por un/ha Presidente/a, un/ha vicepresidente/a, dous/dúas vogais, un/ha Secretario/a e o/a Coordinador/a de cada modalidade deportiva. En caso de empate nas decisións, o/a Presidente/a terá un voto de calidade.
 - 7.3.1. O/A Presidente/a, o/a vicepresidente/a e un/ha vogal serán, preferentemente, membros do Secretariado Executivo do Deporte do Eixo Atlántico, e o/a outro/a vogal será, preferentemente, membro da Comisión Organizadora pertencente a uns dos Municipios Organizadores. O/A Secretario/a será unha persoa dun dos Municipios Organizadores.

- 7.4.** Os Comités para as modalidades de Atletismo (incluíndo adaptado) e de Natación (incluíndo adaptada) e modalidade extra, estarán formados por un/ha Presidente/a, un/ha vogal e un/ha secretario/a.
- 7.4.1.** O/A Presidente/a será preferentemente un membro do Secretariado Executivo do Eixo Atlántico, o/a vogal, o/a Coordinador/a da Modalidade e o/a secretario/a unha persoa dun dos Municipios Organizadores.
- 7.5.** Os acordos dos Comités adoptaranse por maioría simple, tendo voz e voto todos os seus membros.
- 7.6.** Durante os Xogos, os Comités de Competición reuniranse unha vez despois de cada xornada en sesión ordinaria, sempre que haxa algunha incidencia na xornada.
- 7.7.** As decisións dos Comités de Competición basearanse nos rexistros dos boletíns de xogo/proba. Non obstante, os/as Responsables de Delegación poderán presentar escritos informativos sobre os feitos acontecidos en cada encontro/proba, sen que se expresen neles xuízos de valor sobre árbitros/as, delegados/as, comités ou equipo adversario. Estes escritos deberán achegarse no prazo máximo de 2 horas despois da elaboración da acta.
- 7.8.** Os Comités de Competición poderán actuar de oficio sempre que sexa necesario, en calquera momento, sen suxeición a prazos.
- 7.9.** Os equipos poderán solicitar a asistencia, como observador, dun membro do Comité de Competición nun determinado partido ou proba. A petición deberá realizarse á Organización dos Xogos, por escrito, con 2 horas de antelación á celebración do partido ou proba.
- 7.10.** Os acordos dos Comités de Competición terán validez legal, para todos os efectos, desde o momento da súa publicación, datados e selados, no taboleiro de anuncios dos Xogos.
- 7.11.** Calquera membro destes comités que sexa Responsable de Delegación deberá absterse en caso de se tratar un asunto do seu municipio/entidade.

8. XUÍZ/A DE APELACIÓN

- 8.1. A función do/a Xuíz/a de Apelación dos XV Xogos do Eixo Atlántico desenvolverase por un dos membros da Comisión Organizadora ou persoa en quen deleguen.
- 8.2. O/A Xuíz/a de Apelación ten competencia sobre todas as incidencias que puideran acontecer no decorrer dos Xogos e constitúe a instancia última de apelación, tanto de decisións adoptadas pola Organización como dos Acordos que puideran tomar os diversos Comités de Competición.
- 8.3. O/A Xuíz/a de Apelación non está suxeito a prazo na toma das súas decisións ou cando solicitada a súa intervención, co fin de evitar posibles prexuízos irreparables. Poderá decretar a suspensión cautelar da aplicación de decisións ou acordos adoptados pola Organización ou polos Comités de Competición, ata a publicación da súa decisión sobre eles. Non obstante, a súa decisión deberá tomarse antes do seguinte partido ou proba en que interveñan o/s a/s implicado/a/s.
- 8.4. As decisións do/a Xuíz/a de Apelación publicaranse, asinadas e datadas, no taboleiro de anuncios dos Xogos e serán inapelables, no ámbito dos Xogos.

9. RECLAMACIÓNS E RECURSOS

- 9.1. Os equipos participantes, exclusivamente a través do/a Responsable de Delegación, poderán achegar as reclamacións que consideren oportunas, en defensa dos seus intereses, ante o Comité de Competición.
 - 9.1.1. As reclamacións deberán achegarse mediante escrito debidamente xustificadas, xunto cos datos e probas oportunas para o maior coñecemento dos feitos, no prazo máximo de 2 horas despois da elaboración da acta do encontro/proba onde se cometera a infracción, ou dos actos causantes de prexuízos que se reclaman. Transcorrido este prazo o Comité de Competición non admitirá reclamacións.
 - 9.1.2. Non terán validez as reclamacións realizadas de forma oral.
 - 9.1.3. En ningún caso se efectuarán xuízos de valor sobre árbitros/as, delegado/as, comités ou equipo adversario, pois nestes casos a reclamación será desestimada.

- 9.2. Os equipos participantes poderán interpor recurso ao/a Xuíz/a de Apelación contra os acordos do Comité de Competición.
- 9.2.1. Nos casos en que o cumprimento das sancións acordadas polo Comité de Competición puideran producir danos e perdas irreparables, se posteriormente foran desestimadas polo/a Xuíz/a de Apelación, os interesados poderán solicitar a este a suspensión provisional do seu cumprimento.
- 9.2.2. Nos casos en que o cumprimento das sancións acordadas polo Comité de Competición puideran producir danos e perdas irreparables, o/as interesado/as poderán solicitar ao/a Xuíz/a de Apelación a suspensión provisional do cumprimento daquelas ata que o/a Xuíz/a tome a súa decisión.
- 9.2.3. Tanto o escrito no que se solicite a suspensión provisional do cumprimento de sancións como a interposición de recurso ante acordos do Comité de Competición deberán achegarse ata 1 hora antes da publicación dos acordos do Comité no taboleiro de anuncios dos Xogos.
- 9.2.4. Os escritos dirixidos ó/á Xuíz/a de Apelación deberán estar asinados polo/a Responsable de Delegación, e neles poderán achegarse todo o tipo de informacións e probas, así como solicitar dilixencias que axuden ó mellor esclarecemento dos feitos.

II COMPETICIÓN

10. REGULAMENTO DA COMPETICIÓN

- 10.1. O regulamento técnico aplicado nos XVI Xogos do Eixo Atlántico é o establecido pola Federación Internacional correspondente, salvo as excepcións que se especifican no presente Regulamento.
- 10.2. A Organización resérvase o dereito de modificar calquera norma, sempre co obxecto de acadar unha mellora nos Xogos.

11. MODELO DE COMPETICIÓN

- 11.1. Nas **modalidades colectivas**, a competición desenvolverase da seguinte forma:

1ª fase	Sistema de liga a unha soa volta
2ª fase ou semifinais	Sistema de clasificación
Final	A un partido

- 11.1.1. Sempre que sexa debidamente xustificado e validado polo Secretariado Executivo de Deportes, e no sentido de manter os equipos competindo durante o maior número de días posible, cando non sexa posible desenvolver a competición neste modelo, a organización pode recorrer ó sistema utilizado na 1ª fase.

11.2. Nas **modalidades individuais**, deben considerarse as seguintes excepcións:

- 11.2.1. Nas seguintes probas de atletismo en pista e de atletismo adaptado disputarase unha única proba: 1000 m., lanzamento de peso e salto.
- 11.2.2. Nas probas de atletismo de estrada disputaranse dúas probas en dous percorridos separados ou en horarios distintos:
- 11.2.2.1. Unha única proba de 2000 m. Feminino;
- 11.2.2.2. Unha única proba de 2500 m. Masculino.
- 11.2.3. Na natación (incluíndo adaptada), atletismo en pista nas probas de 80 m. e 4 x 80 m., e no atletismo adaptado nas probas de 100 e 400 m., serán realizadas eliminatorias e finais, sempre que haxa máis de unha serie. De non ser así, farase unha única serie.

12. TEMPOS DE XOGO

Modalidade Deportiva	Tempo
Balonmán Fem.	2x20'
Balonmán Masc.	2x20'
Baloncesto Masc.	4x10'
Baloncesto Fem.	4x10'

- 12.1.** En todas as modalidades colectivas e en cada período poderase pedir dous tempos mortos de 1' cada un. Estes tempos non se contabilizarán dentro do tempo real de xogo. Coa excepción do Baloncesto (ver punto 25.1).
- 12.2.** Entre o primeiro e o segundo tempo haberá un descanso de 5 minutos.

- 12.3.** Nos partidos da segunda fase e final na modalidade de Balonmán, no caso de empate, no final da mesma, procederase ó lanzamento de 5 libres de 7 metros , de acordo co Regulamento da respectiva Federación.
- 12.4.** A Organización poderá variar os tempos de xogo real, dependendo do grao de ocupación das instalacións ou por causas alleas ó desenvolvemento dos Xogos.

13. PUNTUALIDADE

- 13.1.** Os equipos ou deportistas e o seu delegado ou delegada de equipo, teñen a obriga de presentarse 30 minutos antes da hora prefixada para o inicio do partido ou proba, na instalación deportiva onde teña lugar.
- 13.2.** Establécense cinco minutos de cortesía a partir da hora prefixada para o inicio do partido ou da proba. Unha vez transcorrido o prazo de cortesía, o árbitro/a fechará a acta, constatará os feitos e rexistrará como "non presentado" ó equipo ou equipos que non se presenten. Nas probas de atletismo e natación, despois do prazo de cortesía, o/a Xuíz/a iniciará a proba.
- 13.3.** Os atletas, delegados/as e adestradores/as deberán presentar a documentación identificativa antes do inicio do partido/proba e, se iso non fora posible, antes do inicio do segundo tempo.
- 13.4.** En ningún caso se poderá xogar a segunda parte dun partido sen se ter identificado, polo que o/a árbitro/a suspenderá o partido ou impedirá a participación dos xogadores que estivesen nesta situación e reflectirá os feitos na acta.

14. VESTIMENTA

- 14.1.** En todas as categorías, os equipos participantes deberán cumprir as seguintes normas de vestimenta:
- 14.1.1.** Todos o/as deportistas deben presentarse con equipamentos que representen o seu municipio/entidade ou neutros, non debendo utilizar equipamentos de clubs.
- 14.1.2.** En caso de utilización de equipamentos neutros, o/as deportistas de cada equipo participante deberán utilizar camiseta da mesma cor.

- 14.1.3. Nas costas das camisetas figurará un número distinto para cada deportista, perfectamente visible e adherido á camiseta, de forma que non poida ser modificado no transcurso do partido/proba.
- 14.1.4. O calzado será o adecuado para cada modalidade deportiva; será o árbitro quen verifique as características deste.
- 14.2. Os distintos equipos deberán indicar na ficha de xogo as cores da camiseta titular e da suplente.
- 14.3. No caso de que as camisetas de ambos os equipos fosen iguais ou puideran suscitar confusión, o/a árbitro/a obrigará a trocar de camiseta ó equipo que figura en segundo lugar no calendario dos Xogos. En todo caso a Organización disporá de dous conxuntos de dorsais de cores distintas, numerados en cada instalación.
- 14.4. Calquera incumprimento do disposto no presente artigo deberá ser rexistrado polo/a árbitro/a na acta do partido/proba para os efectos disciplinarios previstos no punto relativo ás sancións.

15. MATERIAL PARA ENCONTROS / PROBAS

- 15.1. Para as modalidades colectivas, a Organización deberá proporcionar os balóns regulamentarios para o desenvolvemento dos Xogos (quecemento e competición).
- 15.2. Para as modalidades de atletismo, a Organización será responsable de proporcionar os pesos e os testemuños.

16. ZONA DE BANCOS

- 16.1. No banco de suplentes de cada equipo só poderán estar presentes durante o desenvolvemento dos partidos as persoas do equipo que consten nas fichas de Xogo: delegado/a, adestrador/a, xogadores, masaxista, fisioterapeuta e médico/a.
- 16.2. Queda prohibida a permanencia no banco de persoas sancionadas polo Comité de Competición. De incumprir esta obriga, o/a árbitro/a farao constar na acta, e ese equipo será sancionado.

17. APRAZAMENTO

- 17.1. O aprazamento de partidos/probas, polas incidencias que se poidan producir na organización e desenvolvemento das competicións, será sempre excepcional e por causa xustificada.
- 17.2. O Comité de Competición e/ou a Organización dos Xogos poderán autorizar de forma unilateral o aprazamento de partidos/probas sempre que concorran circunstancias de forza maior.
- 17.3. Será obrigatorio disputar os partidos/probas aprazados no día, lugar e hora fixados pola Organización dos Xogos.

18. SUSPENSIÓN DE ENCONTROS/PROBAS

- 18.1. Os encontros/probas de competición non se poderán suspender, excepto por:

-  Mal estado do terreo de xogo/proba
-  Motivo de forza maior
-  Invasión do público no espazo de competición
-  Falta de comparecencia de un dos adversarios
-  Falta de árbitro/a (agás que os/as delegados/as se puxesen de acordo para nomear como árbitro/a a un/ha do/as presentes)
-  Insubordinación por parte dos equipos/deportistas

- 18.2. Só o/a árbitro/a ou un membro do Comité de Competición poderán suspender un partido/proba por unha das causas sinaladas anteriormente, dando coñecemento ós/ás delegado/as dos equipos e facéndoo constar na acta correspondente.
- 18.3. Se a suspensión se debe a causas atmosféricas ou deficiencias do espazo de competición, o/a árbitro/a farao constar na acta e o Comité de Competición informará da data, hora e lugar onde se leve a cabo o partido/proba, e será obrigatoria a presentación dos equipos/deportistas à hora, día e lugar de xogo/proba determinados.
- 18.4. Nas modalidades colectivas, unha vez iniciado un partido que se suspendera por causa de forza maior, condicións atmosféricas ou deficiencias no campo, non se volverá a xogar se faltan menos de dez minutos para a finalización do partido;

darase por terminado o partido, co resultado que figure no marcador. Nos restantes casos, o partido terminará xogándose o tempo restante, onde cada equipo poderá aliñar exclusivamente cos/as xogadores/as que iniciaron o partido suspenso, incluíndo os/as suplentes que se presentarán para que o partido se leve a cabo e excluindo aqueles/as que foran sancionados/as nese partido. Nas restantes modalidades, a proba terá que realizarse novamente, onde cada equipo deberá aliñarse exclusivamente cos/as deportistas que iniciaron a proba suspenso.

- 18.5. De se suspender un partido antes do seu inicio ou no seu transcurso pola actitude de un dos equipos ou dos/as seus acompañantes, incluíndo seguidores/as, ou pola retirada, de forma fidedigna, de un dos equipos do terreo de xogo, o equipo que de forma manifesta conste como responsable perderá o partido e será sancionado cun desconto de dous puntos na clasificación xeral, independentemente das sancións que de acordo con este regulamento poderán ser impostas ós/ás xogadores/as.
- 18.6. Se se tratase dun partido dunha das fases clasificatorias, o equipo responsable perderá o partido e será descualificado.
- 18.7. En todos os supostos de suspensión dun partido, o Comité de Competición terá autoridade para decidir a continuidade.

19. PUNTUACIÓN

- 19.1. O sistema de puntuación para as modalidades deportivas de **Balonmán** e **Baloncesto** será o seguinte:

Partido gañado	3
Partido empatado	1
Partido perdido	0

- 19.2. No **Voleibol**, a conta dos puntos determínase da seguinte forma:

Partido gañado	3
----------------	---

Partido perdido	1
Falta de comparecencia	0

- 19.3.** No **Atletismo en Pista**, haberá clasificacións para cada unha das probas individuais e de relevos, de acordo coa seguinte táboa:

1º Clasificado	N+1 punto
2º Clasificado	N-1 punto
3º Clasificado	N-2 puntos
4º Clasificado	N-3 puntos
.....	
N= número de participantes	

- 19.3.1. A clasificación por equipos será determinada pola suma obtida das probas individuais e de relevos.
- 19.4.** En **Atletismo, nas probas de estrada**, unha feminina e outra masculina, saíran dúas clasificacións:
- 19.4.1. Clasificación individual, obtida pola posto de entrada en meta de cada un dos/as atletas.
- 19.4.2. Clasificación por equipos, obtida pola suma de puntos segundo as posicións obtidas na clasificación individual, de acordo cos/as tres atletas mellor clasificados/as de cada municipio/entidade. O/A primeiro/a clasificado/a será o que contar co menor número de puntos e así sucesivamente.
- 19.5.** Se un equipo queda incompleto ó finalizar a carreira, os/as atletas que non terminen a proba, a efectos da clasificación por equipos, terán a puntuación que resulte da suma das posicións obtidas polos/as tres atletas clasificados/as nos últimos lugares da clasificación individual máis un punto. No caso de que o equipo inscriba menos de tres atletas, non poderá optar a clasificación por equipos.
- 19.6.** De producirse empate entre dous ou máis municipios/entidades, o/a mellor clasificado/a será aquele/a cuxo último/a atleta que puntúe para o seu equipo, termine máis próximo do/a primeiro/a clasificado/a.
- 19.7.** No **Atletismo Adaptado** haberá clasificacións individuais, de acordo coa táboa de clasificación do Atletismo en Pista, para cada unha das probas. É unha clasificación por equipos que virá determinada polas puntuacións obtidas por cada un do/as

atletas mellor clasificado/a/s nas probas individuais. A puntuación será de acordo coas normas da WA (World Athletics).

19.8. Na **Natación e Natación Adaptada** haberá clasificacións para cada unha das probas individuais e de relevos. A puntuación será da seguinte forma:

19.8.1. Nas probas individuais, a puntuación será de acordo coa seguinte táboa:

1º Clasificado	N+3 puntos
2º Clasificado	N puntos
3º Clasificado	N-2 puntos
4º Clasificado	N-3 puntos
.....	
N= número de municipios/entidades participantes	

19.8.2. Na proba de relevo, a puntuación será o dobre.

A clasificación por equipos será determinada pola suma obtida das probas individuais e de relevo. No caso da **natación adaptada**, sempre que un/ha deportista realice máis de unha proba, so se contabilizará a proba con mellor resultado, e sempre que un municipio teña máis de un participante por proba, contabilizarase a proba do/a deportista con mellor presentación.

20. EMPATES

20.1. Nas competicións onde se leve a cabo algunha fase polo sistema de liga e na clasificación empatasen entre dous ou máis equipos, clasificaranse segundo os seguintes criterios:

20.1.1. De haber igualdade de puntos entre dous equipos atenderase á seguinte orde:

- 1º. Resultado entre os equipos empatados
- 2º. Diferenza de goles/puntos¹ a favor e contra
- 3º. Maior número de goles/puntos a favor
- 4º. Menor número de goles/puntos encaixados
- 5º. De persistir o empate, seguiranse os criterios do Xogo Limpo

20.1.2. No caso de haber igualdade de puntos entre mais de dous equipos atenderanse ó seguinte:

¹ Considerar goles/puntos, en consonancia á modalidade en cuestión

- 1º. Maior diferenza de goles/puntos entre os equipos empatados.
 - 2º. Maior número de goles/puntos marcados por todos os equipos que interviñeron na competición.
 - 3º. Mellor coeficiente xeral da competición resultante de dividir a suma de goles/puntos a favor e de goles/puntos contra.
 - 4º. Puntos resultantes da clasificación particular entre os equipos empatados.
 - 5º. Maior diferenza de goles/puntos entre elas exclusivamente.
 - 6º. Maior número de goles/puntos marcados exclusivamente entre os equipos empatados.
 - 7º. De persistir o empate seguiranse os criterios do Xogo Limpo.
- 20.1.3. No caso específico do **Voleibol**, no caso de haber empates entre dous ou máis equipos, a clasificación será ordenada da seguinte forma:
- 1º. O que tivera maior número de xogos gañados
 - 2º. O que tivera mellor cociente entre os sets gañados e perdidos
 - 3º. O que tivera mellor cociente entre puntos gañados e perdidos
 - 4º. Subsistindo o empate, a clasificación ordenarase en función do que tivera maior puntuación clasificación no(s) xogo(s) disputado(s) entre si.
- 20.1.4. Cando un equipo se retire ou sexa descalificado, independentemente da xornada, na que se produza o feito, anularanse todos os resultados obtidos por esta, a non ser que o Comité de Competición estime que coa súa actuación este equipo pretende beneficiar a terceiros. Nese caso, sancionarase ó equipo infractor a criterio do devandito Comité, e manteranse todos os resultados.
- 20.1.5. En **Atletismo**, se se produce un empate entre dous ou máis equipos concederase mellor clasificación ó equipo cuxo/a último/a corredor/a que puntúe para o equipo terminara máis próximo/a do/a primeiro/a clasificado/a.

21. CALENDARIO, ACTAS DOS COMITÉS DE COMPETICIÓN E CLASIFICACIÓNS

- 21.1. O calendario de cada xornada, as clasificacións actualizadas e as atas dos Comités de Competición, excepto en casos de forza maior, publicaranse 3 horas despois

de finalizada a xornada, nas plataformas dixitais facilitadas, no taboleiro de anuncios dos Xogos e restantes taboleiros de anuncios habilitados para os Xogos, nas distintas instalacións.

22. DEPORTISTAS

- 22.1. Un/ha deportista soamente poderá participar nunha modalidade deportiva, agás en atletismo que poderá participar en pista e en estrada.
- 22.2. Os/As deportistas que non estean inscritos nas datas definidas pola organización para o efecto, non poderán participar.
- 22.3. A Organización poderá aceptar, antes do inicio dos Xogos, a inclusión de deportistas que non estaban inscritos/as, sempre que non se cubriran todas as prazas, o motivo sexa relevante e a organización consiga asegurar loxísticamente a participación dos/as mesmos/as.
- 22.4. Tódolos/as deportistas deberán presentar nos encontros/probas o DNI ou Libro de Familia, para verificación dos datos constantes na ficha de xogo/proba.
- 22.5. Todo deportista inscrito/a poderá ser sancionado/a en calquera acto organizado polos Xogos, cando o seu comportamento non sexa o correcto, aínda que non estea competindo.

23. RESPONSABLES DE DELEGACIÓN E DELEGADOS DE EQUIPO

- 23.1. Todos os municipios/entidades para poder inscribirse e participar nos Xogos terán que designar unha persoa como Responsable de Delegación e un/ha Delegado/a de Equipo por cada equipo ou modalidade. Sempre e cando a delegación estea composta por moitos participantes, e mediante acordo coa organización, poderá ser designada unha persoa máis de apoio ó/á Responsable da Delegación.
- 23.2. Os/As Delegados/as e Responsables deberán ser maiores de dezoito anos.
- 23.3. O/A **Responsable de Delegación** é o/a único/a representante legal da delegación ante a Organización dos Xogos, cos dereitos e obrigas que tal representación lle outorga.
- 23.4. Serán funcións do/a Responsable de Delegación:

- 23.4.1. Velar pola boa orde e comportamento xeral da súa delegación, en todo momento desde o inicio até ó final dos Xogos, colaborando coa Organización en todo o que se lle solicite.
- 23.4.2. Divulgar na súa delegación os principios de ética e sustentabilidade dos XVI Xogos do Eixo Atlántico.
- 23.4.3. Dirixirse á organización e/ou Comité de Competición e/ou ó/á Xuíz/a de Apelación para presentar suxestións, reclamacións ou interpor recursos en defensa dos intereses dos equipos da súa delegación.
- 23.4.4. Asistir ás reunións técnicas e organizativas convocadas pola Organización.

23.5. O/A **Delegado/a de Equipo** é o/a seu/súa representante e responsable ante a Organización durante a celebración dos Xogos, sendo as súas funcións:

- 23.5.1. Velar pola boa orde e comportamento do equipo, en todo momento desde o inicio ata ó final dos Xogos, colaborando coa Organización en todo o que se lle solicite.
- 23.5.2. Presentar os documentos de identificación do/as deportistas nas competicións, asinar a acta, etc.
- 23.5.3. Velar pola orde e o bo desenvolvemento das modalidades, colaborando có/cá árbitro/a de mesa, en todo aquilo que se lle solicite.
- 23.5.4. Dirixirse ó/a Coordinador/a da súa modalidade para achegar suxestións, aclaracións, informacións, etc.
- 23.5.5. Asistir ás reunións técnicas da súa modalidade deportiva.

24. ÁRBITROS/AS

- 24.1.** Os/as árbitros/as e xuíces/zas dos partidos/probas, deben estar inscritos nas respectivas federacións/asociacións.
- 24.2.** O/a árbitro/a, como máxima autoridade e xuíz/a dos partidos/probas, deberá dar exemplo e todos os momentos ós/ás participantes, especialmente en materia de comportamento persoal, puntualidade e equipamento.
- 24.3.** Os/as árbitros/as deben rexistrar na acta todas as incidencias dos encontros/probas de forma expresa o relativo a:
 - 24.3.1. Puntualidade dos equipos.

- 24.3.2. Fichas do xogo/proba e documentos de identificación dos/as deportistas e delegados/as.
- 24.3.3. Vestimenta dos/as deportistas sinalando o nome dos/as deportistas que teñan camisetas que non reúnan os requisitos de cor ou numeración establecidos neste regulamento.
- 24.3.4. Condutas ou actitudes antideportivas producidas no campo/espazo de competición ou nos bancos dos equipos incluíndo as producidas fora da instalación deportiva, protagonizados por calquera participante dos Xogos.
- 24.3.5. Os cambios que se produzan nos partidos/probas, nas modalidades que requira o Regulamento.
- 24.4.** Co fin de evitar situacións de tensión, os/as árbitros/as poderán elaborar un anexo á acta, posterior ó fin do encontro/proba e fóra da instalación/espazo de competición, se ben o devandito anexo deberán achegalo á Organización xunto coa acta, nun tempo máximo de 1 hora desde a finalización do encontro/proba.
- 24.5.** Transcorridos os cinco minutos de cortesía desde a hora prefixada para o inicio do partido/proba, os/as árbitros/as poderán atrasar o mesmo por motivo de forza maior, pero nunca por causa dos equipos, aínda que exista acordo entre eles.
- 24.6.** Cando non se presente un/ha árbitro/a dun partido, os/as Delegados/as dos equipos poderán chegar a acordo para que algún dos presentes asuma esta función redactando unha acta que asinarán e entregarán á Organización tendo validez para todos os efectos. De ser a persoa designada para a mesa a que non se presente, o árbitro en acordo cos/as Delegados/as, designarán unha persoa para esta función, de modo que o partido/proba se leve a cabo.
 - 24.6.1. Cando a non comparecencia do equipo de arbitraje afecte a máis dun encontro/proba, o comité de competición debe, ata ó encontro/proba seguinte, decidir e informar os participantes de como se desenvolverá a competición ata resolver a situación.

25. REGULAMENTOS TÉCNICOS ESPECÍFICOS

25.1. Baloncesto

- 25.1.1. Tanto na categoría feminina como na masculina, os tempos mortos serán a reloxo corrido; a excepción dos últimos 5 minutos do último período que será a tempo real (reloxo parado).
- 25.1.2. As finais serán a reloxo parado.
- 25.1.3. O balón no masculino será o nº 7 e no feminino a nº6
- 25.1.4. No demais, rexerase polas Regras da FIBA.

25.2. Balonmán

- 25.2.1. Rexerase polas regras de xogo da Federación Internacional de Balonmán.
- 25.2.2. Para o Balonmán feminino o balón oficial dos Xogos será (Tamaño 1 IHF) de 50-52 cm. de diámetro e 290-330 gr. de peso. Para o Balonmán masculino, o balón oficial dos Xogos será (Tamaño 2 IHF) de 54-56 cm. de diámetro e **325-375 gr.** O uso da cola non estará permitido.

25.3. Voleibol

- 25.3.1. O balón oficial será: MOLTEN ou MIKASA-200, podéndose autorizar outra marca estando ambos equipos de acordo.
- 25.3.2. Serán seguidas as regras da FIVB (excepto na clasificación do gañador de cada xogo, que será ó mellor de 3 sets). Na final (encontro para 1º e 2º clasificados) será ó mellor de 5 sets.
- 25.3.3. Tendo en conta a idade dos/as deportistas, non estará permitida a utilización de xogadores libres.

25.4. Atletismo

- 25.4.1. Un/ha atleta que participe en pista poderá participar en estrada e viceversa.
- 25.4.2. A **proba de estrada** percorrerá (percorrido a definir), tendo as seguintes distancias:

Masculino	+/- 2 500 metros
Feminino	+/- 2 000 metros

25.4.2.1. Os equipos, tanto masculino como feminino, estarán formados por un máximo de catro atletas.

25.4.3. O **atletismo en pista** constará das seguintes probas:

Velocidade	80 metros
½ Fondo	1 000 metros
Salto	lonxitude
Lanzamento	Peso (4 kg Masc. E 3 kg Fem.)
Relevos	4 x 80 metros

*Recoméndase táboa de chamada de 1 a 2 m

25.4.3.1. Os equipos estarán formados por un/ha atleta por proba, un equipo de relevos e un delegado para os dous equipos, tanto masculino como feminino.

25.4.3.2. Un/ha atleta poderá participar nunha proba individual de pista e de relevo.

25.4.3.3. Na pista de velocidade disputaranse series e final, agás no caso de que haxa unha soa serie, sendo nese caso final directa.

25.4.3.4. O Regulamento será o da WA.

25.5. Atletismo Adaptado

25.5.1. O Atletismo adaptado disputarase segundo as seguintes regras:

Atletismo en Pista	Masculino e Feminino
Nivel de competición	Nivel I ou T20 (clase única)

25.5.2. As probas en pista a realizar serán as seguintes:

Velocidade	100 metros
Fondo	1 000 metros
½ Fondo	400 metros
Lanzamento	Peso (4 kg Masc. E 3 kg Fem.)
Salto	Lonxitude

25.5.3. Cada atleta poderá participar en dúas probas como máximo; en cada proba só poderá participar un/ha atleta por municipio/entidade.

25.5.4. Adaptación das regras da competición:

25.5.4.1. A saída na proba de 100 m. queda a elección dos/as atletas (desde os tacos de saída ou de pé).

25.5.4.2. A saída de 400 m. será en pista libre.

25.5.4.3. No salto de lonxitude, existirá unha zona de salto delimitada, cuxa distancia será de 1 m. e a medición farase desde o inicio do salto.

25.6. Natación

25.6.1. Na modalidade de natación realizaranse as seguintes probas:

200 metros	Estilos individual
100 metros	Libres
100 metros	Costas
100 metros	Braza
100 metros	Bolboreta
4 x 100 metros	Estilos

25.6.2. En cada proba individual só poderá participar un nadador por municipio/entidade (tanto na categoría masculina como feminina). Na proba de relevos de estilos participan 4.

25.6.3. Un/ha nadador/a só poderá participar nunha proba individual e na de relevos.

25.7. Natación Adaptada

Para que todos os atletas teñan as mesmas condicións para competir, é necesario que estean divididos consoante a área de deficiencia e os graos de severidade, para diminuír a desvantaxe na práctica deportiva e a influencia do tipo de deficiencia no rendemento deportivo.

25.7.1. Clases Deportivas

A clase deportiva é a categoría que agrupa os atletas en función da influencia que a súa deficiencia ten no rendemento deportivo podendo incluír atletas con diferentes tipos de deficiencia, sempre que a funcionalidade sexa semellante.

Discapacidade Intelectual e de Desenvolvemento (DID)

DID1 – Atletas con limitación intelectual que se encadran na clase S14 da clasificación funcional de Natación Adaptada da Federación Portuguesa de Natación.

DID2 – Atletas con trastorno do espectro do autismo (TEA) que se encadran na clase S17 da clasificación funcional de Natación Adaptada da Federación Portuguesa de Natación.

DID3 – Atletas con síndrome referentes á área intelectual que se encadran nas clases S21 e MOS (Mosaico) da clasificación funcional de Natación Adaptada de Federación Portuguesa de Natación.

Motora & Parálise Cerebral (MPC)

MPC1 – atletas que se encadran nas clases S1 a S4 da clasificación funcional de Natación.

Adaptada da Federación Portuguesa de Natación:

S1 – Dano moi grave do tronco e nas catro extremidades.

S2 – Dano grave do tronco e nas catro extremidades.

S3 - Dano de tronco e extremidades superiores e dano grave de extremidades inferiores.

S4 – Dano de tronco e dano grave de dúas ou mais extremidades.

MPC2 - atletas que se encadran nas clases S5 a S7 da clasificación funcional da Natación

Adaptada da Federación Portuguesa de Natación:

S5 – Dano de tronco e dúas ou mais extremidades.

S6 – Dano leve de tronco e dano de dúas ou mais extremidades.

S7 – Dano grave de dúas extremidades.

MPC3 - atletas que se encadran nas clases S8 a S10 da clasificación funcional da Natación

Adaptada da Federación Portuguesa de Natación:

S8 – Dano de dúas extremidades, Dano grave de unha extremidade ou dano grave de varias articulacións.

S9 – Dano de unha extremidade ou diversas articulacións.

S10 – Dano leve de unha ou dúas extremidades ou problemas leves derivados de unha ou varias articulacións.

MPC4 - atletas que se encadran na clase S16 (transplantados) da clasificación funcional da Natación Adaptada da Federación Portuguesa de Natación.

Baixa Visión ou cegueira (V)

Os atletas que se encadran nas clases S11-S13 da clasificación funcional de Natación Adaptada da Federación Portuguesa de Natación, participan nas probas de natación regular con clasificacións diferenciadas (aplícase o Regulamento Específico de Natación):

S11 – Nadadores con deficiencia visual case total. Todos estes atletas nadan con anteollos opacas. Son auxiliados polo adestrador, por un taper, ou contan as brazadas para executar as voltas con precisión.

S12 - Nadadores con deficiencia visual. Estes atletas teñen un campo visual limitado e para algúns deles a liña negra no fondo da piscina non é perceptible. Poden ver o borde da piscina a un metro de distancia.

S13 - Nadadores con deficiencia visual. Con visión periférica limitada e/ou conseguen ver o borde da piscina a cinco metros como máximo.

Xordeira (X)

Os atletas que se encadran na clase S15 da clasificación funcional da Natación Adaptada da Federación Portuguesa de Natación participan nas probas de natación regular con clasificacións diferenciadas (aplícase o Regulamento Específico da Natación).

25.7.2. Probas Deportivas

O programa de probas está elaborado de forma que inclúa todas as persoas con deficiencia, tendo en conta as características funcionais específicas de cada atleta.

As probas realizaranse, de acordo coas catro clases definidas: Baixa Visión ou Cegas (V)*; Xordeira (X); Dificultade intelectual e de Desenvolvemento (DID); Motora & Parálise Cerebral (MPC).

Baixa Visión ou Cegas (V*)	Xordeira (X)	Dificultade Intelectual e de Desenvolvemento (DID)	Motora & Parálise Cerebral (MPC)
Estes atletas participan nas probas	Estes atletas participan nas probas de natación	DID1 50m (Costas, Braza e Libres)	MPC1 50m (Costas e Libres)

de natación regular con clasificacións diferenciadas (aplica-se o Regulamento Especifico da Natación)*	regular con clasificacións diferenciadas (aplica-se o Regulamento Especifico da Natación)*	DID2 50m (Costas, Braza e Libres)	MPC2 50m (Costas e Libres)
		DID3 50m (Costas, Braza e Libres)	MPC3 50m (Costas e Libres)
		ESTAFETA (4 x 50m Libres)	MPC4 50m (Costas e Libres)

- 25.7.3. Con vista a maximizar a participación dos atletas con deficiencia incluíuse a realización das probas de 50 metros braza e 50 metros costas, non obstante as regras do Comité Paralímpico Internacional non prevén a súa realización por parte das clases altas.
- 25.7.4. Na competición individual, cada nadador/a pode participar como máximo en 2 probas.
- 25.7.5. No relevo de 4x50m libres, cada nadador efectúa un percorrido e nada o estilo que queira. Podrán mesturarse as clases DID1, DID2 e DID3 para a formación do equipo.
- 25.7.6. No momento da inscrición nominal, é fundamental indicar a clase funcional de cada participante, así como o envío da “Ficha de Valoración Funcional” (comprobante da área, tipo e grado de deficiencia)
- 25.7.7. Sempre que se verifique a inscrición de menos de 3 participantes en cada clase, os/as deportistas se integrarán nunha proba das clases máis próximas o seu perfil funcional, mantendo clasificacións distintas para cada clase prevista no regulamento.

Notas:

- * - Todos os atletas que presenten Baixa Visión ou Cegas e que estean en condicións de participar nas competicións de Natación regular, deben facelo.
 - No caso de que algún atleta non estea en condicións de participar nas competicións de Natación regular, a organización comprométese a encadrarlo na clase mais axustada ó seu perfil funcional.
 - V* - Todos os atletas necesitan de competir con anteollos opacos (cinta adhesiva negra en todos), sendo permitido aos asistentes o uso de tápers.
 - No caso dos atletas con xordeira, a organización comprométese a utilizar durante as probas unha comunicación non verbal eficiente.
- No caso dos atletas con deficiencia motora, encontrase para consulta, (anexo 1), unha descrición mais pormenorizada de cada unha das clases S.

III REGULAMENTOS DE PREMIOS

26. MEDALLAS

- 26.1. Modalidades colectivas: establécense premios (medallas de ouro, prata e bronce) para todos os compoñentes dos equipos clasificados nos tres primeiros postos, en cada unha das modalidades deportivas.
- 26.2. Modalidades individuais: (atletismo pista, estrada, atletismo adaptado; natación e natación adaptada) establécense premios (medallas de ouro, prata e bronce) para cada unha das probas tanto individuais como de relevo, para todos os seus compoñentes.

27. TROFEOS

- 27.1. Modalidades colectivas: establécense trofeos para os equipos, representantes de cada municipio/entidade, clasificados en primeiro, segundo e terceiro posto en todas as modalidades e categorías (masculina e feminina).
- 27.2. Modalidades individuais: (atletismo pista, estrada, atletismo adaptado; natación e natación adaptada) outorgaranse trofeos aos tres municipios/entidades mellor clasificados, na categoría masculina e feminina, que resulte da suma dos puntos obtidos en cada unha das probas individuais e de estafeta.

IV TROFEO XOGO LIMPO NELSON CARDOSO

28. TROFEO XOGO LIMPO NELSON CARDOSO

Co fin de potenciar ó máximo o xogo limpo entre todos/as os/as participantes, establécese un galardón especial denominado TROFEO XOGO LIMPO NELSON CARDOSO. Esta mención será a máis obxectiva posible, en base ó comportamento do conxunto dos/as integrantes das delegacións dos diversos municipios/entidades participantes (deportistas, adestradores/as, responsables de delegación, delegados/as de equipo, fisioterapeutas, médico/as, etc.) nos Xogos, que se atribuirá ao municipio/entidade que se clasifique no primeiro lugar, de acordo coa aplicación do seguinte regulamento para o Xogo Limpo.

29. REGULAMENTO XOGO LIMPO

Para efectos da selección do gañador desta Mención Especial, establécense as seguintes regras, que se subdividen nos seguintes preceptos:

29.1. Penalizacións e Bonificacións

As **penalizacións** refírense ás tarxetas vermellas e amarelas, faltas, expulsións, etc. e as **bonificacións** á *Tarxeta de promoción do Xogo Limpo*.

29.2. A “TARXETA DE PROMOCIÓN DO XOGO LIMPO” que busca recoñecer, destacar e recompensar comportamentos eticamente relevantes por atletas, adestradores/as, delegados/as, etc. implicados/as directamente no xogo/proba, e ás Delegacións que asistan ós/ás mesmos/as, implicará unha bonificación de 5 puntos na contabilización do Xogo Limpo a favor da súa Delegación.

29.2.1. O/a árbitro/a ou xuíz/a pode exhibir a tarxeta e sempre que o faga debe facelo constar na acta do xogo ou proba. Calquera ocorrencia antes ou despois do xogo ou proba que o/a árbitro/a ou xuíz/a considere merecedor de exhibición da tarxeta debe ser rexistrada de igual maneira na acta.

29.2.2. Esta tarxeta pode ser exhibida no decurso dunha partida ou proba cando o/a árbitro/a ou xuíz/a verifique a ocorrencia dun ou máis comportamentos e/ou accións que considere merecedores da súa exhibición.

29.2.3. A exhibición da tarxeta farase cando a partida ou proba sexa interrompida por calquera circunstancia prevista nas regras da modalidade que estea a ser disputada. Exceptúanse as tarxetas exhibidos ó público que deberán facerse no final da partida ou proba.

29.2.4. Non existe número límite de exhibición desta tarxeta.

29.2.5. A tarxeta pode ser exhibida a calquera interviniente dunha partida ou proba de competición dos Xogos:

- a) **Atleta**
- b) **Adestrador/a, Delegado/a de equipo e auxiliar**
- c) **Delegacións que asistan ós xogos/probas**

29.2.6. Para cada un dos/as intervinientes, enuméranse algúns dos comportamentos e accións que poden ser susceptibles da exhibición da tarxeta:

- a) **No caso do/a Atleta:**

-  Axuda a esclarecer unha situación penalizable para o seu/súa adversario/a cando o equipo de arbitrase, por unha determinada circunstancia, axuizouse incorrectamente
-  Felicita ó/á adversario/a cando este/a consiga puntuar;
-  Axuda espontaneamente ó/á adversario/a cando este o precisa;
-  Nas situacións en que xurdan dúbidas, pide aclaracións de forma calma, acatando a decisión do/a árbitro/a ou xuíz/a unha vez aclarada a situación;
-  Anima ó/á compañeiro/a de equipo cando falla en momentos determinantes do partido ou proba.

b) No caso do/a adestrador/a, delegado/a e auxiliar:

-  Trata con respecto, en tódolos momento, e de modo igual, os/as atletas do seu equipo e adversarios/as;
-  Instrúe ós/ás atletas do seu equipo para evitar situacións potencialmente perigosas para a integridade física do/a adversario/a;
-  Incentiva ós/ás atletas do seu equipo e axudar ós/ás adversarios/as, sempre que estes/as o necesiten;
-  Axuda a esclarecer unha situación penalizable para o/a seu/súa adversario/a cando o equipo de arbitrase, por unha determinada circunstancia, axuizouse incorrectamente
-  Promove o equilibrio de xogo no caso que se verifique que existe un número inferior no equipo adversario por razóns de forza maior.

c) No caso das Delegacións que asistan ós xogos/probas:

-  Manter un bo ambiente nas gradas;
-  Apoiar de forma positiva e con deportividade.

29.2.7. A todos eles son comúns os seguintes comportamentos ou accións, susceptibles da exhibición da tarxeta:

-  Ter comportamento ou actitudes que promoven a conducta, a verdade e a ética deportiva;
-  Promover un clima saudable e de deportividade có/á adversario/a, antes e despois da partida ou proba;
-  Manter a humildade na vitoria;
-  Felicitar ó/á adversario/a pola súa vitoria.

29.2.8. O/a árbitro/a ou xuíz/a pode identificar outros comportamentos e accións similares relevantes igualmente merecedores da exhibición da tarxeta.

29.2.9. Os/as responsables de delegación poden propor, nas reunións diarias, a atribución da tarxeta “Xogo Limpo” a calquera equipo e/ou delegación que consideren que tiveron comportamentos e accións merecedoras dese recoñecemento. Para poder atribuír a tarxeta, a proposta ten que ser aceptada pola maioría dos/as responsables presentes.

29.3. Participación deportiva nas modalidades colectivas e individuais

29.3.1. Modalidades colectivas:

29.3.1.1. Teranse en conta as amoestacións e as bonificacións, rexistrados nas actas de cada un dos partidos, que serán contabilizadas da seguinte forma:

	Balonmán	Baloncesto	Voleibol
1 Puntos	Tarxeta amarela	Falta Técnica	Tarxeta amarela/ Penalización
2 Puntos	Expulsión 2 minutos	Falta antideportiva	Expulsión
3 Puntos	Tarxeta vermella	Falta Descualificadora	Descualificación
- 5 Puntos	Tarxeta de promoción do Xogo Limpo	Tarxeta de promoción do Xogo Limpo	Tarxeta de promoción do Xogo Limpo

29.3.1.2. Se na ficha de xogo non se identifica ó capitán ou capitá de equipo, será penalizado coa aplicación do dobre da penalización do/a deportista máis penalizado/a no encontro.

29.3.1.3. Se algún equipo se retirase voluntariamente ou fora expulsado do terreo de xogo, o municipio/entidade a que pertence quedará automaticamente excluído/a de optar ó Trofeo Xogo Limpo.

29.3.2. Modalidades individuais:

29.3.2.1. A non presentación dos/as deportistas na cámara de chamadas/saídas, as saídas nulas, as descualificacións, etc., rexistradas polos/as xuíces/as nas actas correspondentes, será sancionada con:

1 punto	A non presentación do/a atleta na cámara de chamadas /saídas (caso de non ser xustificada)
2 puntos	A descualificación no desenvolvemento da proba (individual ou de equipo)
5 puntos	A descualificación por comportamento antideportivo
-5 puntos	Tarxeta de Promoción de Xogo Limpo

- 29.3.3. Os puntos resultantes das sancións, enriba descritas, duplicaranse, no caso de atribuírse ós/as capitáns/nas, e triplicaranse no caso dos/as adestradores/as, delegados/as, médicos/as, fisioterapeutas etc.
- 29.3.4. Nas modalidades adaptadas non se atribuirán as penalizacións ós/ás atletas mencionados no punto 29.3.2.1, salvo que proveña de comportamentos antideportivos.
- 29.3.5. No caso de un equipo ser desclasificado o municipio/entidade quedará automaticamente excluído/a da atribución do Trofeo Xogo Limpo.
- 29.3.6. Co fin de primar a participación, aplicaráselle ós municipios/entidades que non participen nunha ou varias modalidades deportivas, a media da puntuación (penalización) obtida polos equipos participantes en cada unha das modalidades deportivas, de acordo co Regulamento do Xogo Limpo. Para unha maior equidade, terase en conta o número de participacións (xogos, partidos, probas, etc.) dos municipios/entidades en cada unha das modalidades nas que participe, que dividirá o resultado obtido de acordo coa aplicación do Regulamento.
- 29.3.7. A Clasificación do Xogo Limpo decidírase segundo o resultado da contabilización das diversas infraccións ou sancións e das bonificacións, de acordo coas táboas dos puntos 29.3.1.1 e 29.3.2.1 e tendo en conta a excepción do deporte adaptado prevista no punto 29.3.4.

29.4. Comportamento cívico-social. Terase en conta:

- 29.4.1. O comportamento na instalación hoteleira e na instalación destinada a comedor.

- 29.4.2. O comportamento nos autobuses que a Organización coloca á disposición dos participantes dos municipios/entidades para o desenvolvemento dos Xogos.
- 29.4.3. Actitude antideportiva, adoptada de forma evidente polos/as seareiros/as nos recintos deportivos, durante o desenvolvemento das diversas competicións.
- 29.4.4. Se a Organización dos Xogos tivera coñecemento de comportamentos ou condutas antisociais ou antideportivas adoptadas polos membros integrantes das diversas delegacións, que pola súa gravidade sexan constitutivas de sanción, levarán consigo a exclusión do seu municipio/entidade para a clasificación do Trofeo Xogo Limpo Nelson Cardoso.

30. COMITÉ DO XOGO LIMPO

- 30.1.** Para a avaliación do “Xogo Limpo” crearase un Comité integrado por:
-  Un/ha Presidente/a, que será preferentemente membro do Secretariado Executivo de Deporte.
 -  Un/ha Secretario/a, funcionario/a dos municipios/entidades onde se celebren os Xogos.
 -  Un/ha representante da Comisión Organizadora.
- 30.2.** Este Comité reunirase diariamente, para avaliar as posibles incidencias rexistradas nas actas, emitidas polos/as árbitros/as, no final de cada xogo ou proba realizada; ou algún escrito ou documentación relacionada co comportamento dos elementos das delegacións que participan nos Xogos, asinadas por representantes das diversas entidades ou institucións que participan no desenvolvemento das mesmas.
- 30.3.** Os resultados da avaliación só serán coñecidos despois da celebración dos Xogos e serán anunciados oportunamente en reunión do Grupo Temático de Deporte.
- 30.4.** A entrega do Trofeo do Xogo Limpo será feita na cerimonia de inauguración dos Xogos do Eixo Atlántico seguintes ao municipio/entidade clasificado en primeiro lugar.

V REGULAMENTO DISCIPLINAR

31. REGRAS XERAIS DE SANCIÓN

As sancións terán carácter corrector e educativo para fomentar boas condutas e espírito deportivo, que deben rexer nos Xogos.

- 31.1.** As sancións de suspensións superiores a 50% dos partidos/probas a disputar, levarán aparellada o impedimento para participar en calquera acto deportivo organizado polo Eixo Atlántico.
- 31.2.** Cando un/ha deportista, adestrador(a) ou delegado(a) sexa expulsado(a) ou figure na acta do partido/proba cunha falta que leve a descualificación, o/a árbitro/a terá de o/a/s considerar suspendido/a/s para os seguintes partidos/probas, aínda que non tiña sido publicada a sanción por parte do Comité de Competición. A súa participación nun partido/proba, estando nesta situación, será considerada aliñación indebida.
- 31.3.** O Comité de Competición queda autorizado para xulgar e sancionar, sobre a base no principio de analoxía, os casos non expresamente determinados no presente regulamento.

32. SANCIÓNS ÓS/ÁS DEPORTISTAS

As faltas cometidas polos/as deportistas durante un encontro/proba (independentemente da aplicación do regulamento deportivo polos/as árbitro/as e xuíces/zas) sancionaranse da seguinte forma:

- 32.1.** Comportamento incorrecto, pronunciar palabras groseiras, xestos antideportivos, xogo perigoso, falta de presentación de documentos: desde amoestación até suspensión de 1 encontro.
- 32.2.** A falta ou uso de indumentaria non adecuados será sancionada con 1 tarxeta amarela directo no inicio do encontro; en caso de reiteración, o/a xogador/a será sancionado/a con 1 partido de suspensión. Cando as irregularidades sexan cometidas por varios/as xogadores/as dun mesmo equipo, este sancionase co desconto de 1 punto na clasificación xeral, independentemente da sanción que lle corresponda ós/ás xogadores/as.
- 32.3.** Insultos; ameazas ou actitudes coactivas a outros/as xogadores/as ou suplentes, dirixentes ou público; xogo violento: de 1 a 3 partidos de suspensión.
- 32.4.** Incitar o público ou a outro/as xogadores/as con xestos ou palabras contra o desenvolvemento normal do encontro: 2 partidos de suspensión.
- 32.5.** Empurróns, actitudes violentas, agresións leves a xogadores/as suplentes, delegado/as, etc.: 2 partidos de suspensión.

- 32.6.** Agresión directa a un/ha contrario/a sen repetición dentro do encontro: 3 partidos e suspensión segundo a gravidade.
- 32.7.** Responder a unha agresión: de 1 a 3 partidos.
- 32.8.** Agresión directa repetida ou altamente lesiva a un/ha contrario/a: levará a eliminación dos Xogos.
- 32.9.** Condutas incívicas especialmente contra bens mobles ou inmoables: de 3 partidos á expulsión.
- 32.10.** Cando se cometan diferentes accións punibles no mesmo lance de xogo, as sancións acumularanse.
- 32.11.** A aliñación indebida de un/ha atleta nas modalidades individuais será motivo de exclusión da competición.
- 32.12.** Se en diferentes xornadas, un/ha deportista é reincidente, será eliminado/a dos Xogos.
- 32.13.** As sancións referentes as faltas indicadas nos artigos anteriores, cando se cometan contra árbitros/as, delegados/as, adestradores/as, etc., aplicarase co dobre do disposto nos citados puntos.
- 32.14.** Cando os actos citados anteriormente provocaran a suspensión ou interrupción do partido: de 3 a 5 partidos de suspensión.

33. SANCIÓNS A DELEGADOS, ADESTRADORES E AUXILIARES

- 33.1.** Os/As adestradores/as, delegados/as e auxiliares, pola responsabilidade que teñen de dar exemplo entre os/as seus/súas deportistas, serán sancionados/as, cando cometeran faltas da seguinte forma:
 - 33.1.1.** Os berros, xestos ou actitudes, durante un partido, considerados contra a deportividade e harmonía no desenvolvemento deste, sancionaranse desde amoestación até suspensión de seis partidos.
 - 33.1.2.** As ameazas ou insultos contra xogadores/as, adestradores/as, delegados/as, árbitros/as, etc., de 2 a 6 partidos de suspensión.
 - 33.1.3.** Se as devanditas faltas son reiteradas no curso do encontro e obxecto de apercibimento polo/a árbitro/a: de 4 a 6 partidos de suspensión.
 - 33.1.4.** Incitar o público ou outros/as xogadores/as con xestos ou palabras contra o desenvolvemento normal do encontro: de 4 a 6 partidos de suspensión.
 - 33.1.5.** A agresión ou coacción a árbitros/as, membros da organización ou de outro equipo, suporá a eliminación dos Xogos.

33.1.6. Pola súa responsabilidade, todas as sancións impostas en calquera modalidade deportiva, serán de obrigatorio cumprimento.

33.2. A sanción para un/ha adestrador/a ou delegado/a reincidente suporá a eliminación dos Xogos.

34. SANCIÓNS A EQUIPOS

34.1. Por aliñación indebida

34.1.1. Considerarase indebida a aliñación en partidos/probas de deportistas, delegados/as ou auxiliares que non inscrito/as nos xogos ou que non reúnan todos e cada un dos requisitos establecidos nas normas xerais e/ou específicas da competición.

34.1.2. Tamén será considerada aliñación indebida a permanencia no banco, durante o desenvolvemento dos partidos ou a participación nos mesmos, de xogadores/as, delegados/as ou auxiliares sancionados/as.

34.1.3. Nas eventuais aliñacións indebidas aplicaranse as seguintes sancións:

34.1.3.1. Na 1ª fase: perda do partido no que se produza aliñación indebida e desconto de dous puntos por cada partido onde se producira tal situación.

34.1.3.2. Nas 2ª fases ou semifinais : perda da e eliminación automática do equipo.

34.1.3.3. No caso de que ámbolos dous equipos incorran en participación indebida, será aplicado a ambos o disposto nos apartados anteriores.

34.1.3.4. Os equipos que incorran en aliñación indebida serán sancionados para o resto da competición.

34.1.3.5. O/A Delegado/a ou adestrador/a que a título persoal incorra en participación indebida será sancionado/a para o resto da competición.

34.2. Por Faltas de Comparecencia

34.2.1. Existirá falta de comparecencia, cando transcorridos os cinco minutos de cortesía, desde a hora prefixada para o inicio do encontro/proba, un ou os dous equipos non estean presentes co número de deportistas mínimo

exixido no presente regulamento (cadro de composición de equipos), excepto os casos de forza maior debidamente xustificados, á consideración do comité de competición.

34.2.2. Para os efectos disciplinarios, distínguense dous supostos:

34.2.2.1. Falta de Comparecencia total: cando non se presente ningún compoñente do equipo ou se presente un número inferior en dous ou máis ó exixido para que o partido/proba se leve a cabo.

34.2.2.2. Falta de Comparecencia parcial: cando se achegue o equipo a falta exclusivamente de un compoñente en relación ó número exixido para que o partido/proba se leve a cabo.

34.2.3. **Na 1ª fase**, o equipo que incorra na non comparecencia total ou parcial, darase por perdido o encontro (no que non se presentou) e se lle descontará un punto da clasificación xeral.

34.2.4. **Nas fases 2ª ou semifinais**, o equipo que incorra na non comparecencia total ou parcial, darase por perdida a partida e será excluída da competición.

34.3. Por comportamento de acompañantes e seguidores

34.3.1. Cada equipo será responsable do comportamento dos seus seguidores ou acompañantes, e en función da gravidade dos feitos e circunstancias concorrentes, cada equipo poderá ser sancionado, desde amoestación até a exclusión da competición.

34.4. **Por acumulación de infraccións sancionadas nos encontros / probas:** aplicarase os regulamentos disciplinares específicos de cada modalidade.

35. COMISIÓN DISCIPLINAR

Crearase unha Comisión Disciplinar, formada polo Secretario Xeral do Eixo Atlántico, pola Presidencia do Grupo Temático e polo/os/as responsable/es político/os do/s municipios organizadores, que estarán representados durante o transcurso dos Xogos. As sancións a aplicar irán dende a represión até a expulsión dos Xogos.

ANEXOS

ANEXO I - Descrición detallada das Clases S

S1 – Dano moi grave de tronco e nas catro extremidades.

Os/as Nadadores/as desta clase, teñen unha perda significativa de poder muscular ou control nas pernas, brazos e mans. Algúns/algunhas atletas tamén teñen control de tronco limitado. Os/As nadadores/as desta clase xeralmente usan unha cadeira de rodas na vida diaria.

S2 – Dano grave do tronco e nas catro extremidades.

Os/as nadadores/as desta clase utilizan principalmente os brazos para nadar. A función das súas mans, tronco e pernas é limitada.

S3 – Dano do tronco e extremidades superiores e dano grave de extremidades inferiores.

Esta clase inclúe nadadores/as con amputacións de ambos brazos e pernas. Son nadadores/as con amplitudes razoables dos brazos, pero non usan as pernas ou tronco. Tamén se inclúen nesta clase, nadadores/as con problemas graves de coordinación en todos os membros.

S4 – Dano de tronco e dano grave de dúas ou mais extremidades.

Nesta clase están incluídos os/as nadadores/as que utilicen os brazos e mans, non poden usar o tronco e as pernas. Tamén se inclúen atletas con amputacións en tres membros.

S5 – Dano de tronco e dúas ou mais extremidades.

Nadadores/as con baixa estatura e deficiencia adicional con perda de control sobre un lado do corpo (hemiplexía) ou con paraplexía.

S6 – Dano leve de tronco e dano de dúas ou mais extremidades.

Nadadores/as con baixa estatura ou amputacións de ambos os brazos. Tamén se inclúen nadadores/as con problemas de coordinación moderados de un lado do corpo.

S7 – Dano grave de dúas extremidades.

Están incluídos/as nadadores/as cunha perna e unha amputación de un brazo en lados opostos, ou unha parálise dun brazo e unha perna no mesmo lado; nadadores/as con control total sobre os brazos e tronco e con algunha función da perna.

S8 – Dano de dúas extremidades, dano grave de unha extremidade ou dano grave de varias articulacións.

Nesta clase pódense incluír nadadores cunha amputación de brazo e nadadores/as con restricións significativas nas articulacións da cadeira, xeonllo e tornecelo.

S9 – Dano de unha extremidade ou varias articulacións.

Son nadadores/as con restricións articulares nunha perna ou con amputacións dobres debaixo do xeonllo.

S10 – Dano leve dunha ou dúas extremidades ou problema leve derivado de unha ou varias articulacións.

Nadadores/as con deficiencias físicas mínimas, como por exemplo perda dunha man ou restricións de movemento nunha articulación da cadeira.